

PARADA 05
OS XOGOS DO NENO PEPE

OS XOGOS DO NENO PEPE PASO A PASO

1. TER O MATERIAL: CORDA COA CHAVE, PAU, CORDAS PARA MARCAR CAMPO DE XOGO, E PANO
2. **BENVIDA** DIANTE DA CAPELA
3. **EXPLICACIÓN** E EXECUCIÓN DE CADA XOGO
4. **CONCLUSIÓN** E DESPEDIDA
5. PREPARÁMONOS PARA A SEGUINTE VISITA OU RECOLLEMOS O MATERIAL

OS XOGOS DO NENO PEPE. PRESENTACIÓN

Nesta aldea había só tres casas pero **chegou a haber ata nove cregos ao mesmo tempo** e por iso coñecese como «O Vilariño dos Cregos». Díaz Castro tamén case se fai cura, pero non rematou o seminario.

O que si facía era axudar como monaguillo nesta capela e seguro que ao rematar xogaríase por aquí. Pensade que se as romaxes e as festas relixiosas son agora importantes, naquel tempo eran case o único lecer que existía. E ao rematar as misas todo era festa, baile e xogo.

E **como xogaban? Pois co que tiñan, a natureza e a imaxinación**, ademais dunhas pedras ou cordas. Igual que facían os nosos avós e visabós. Así que imos probar se siguen sendo xogos igual de divertidos.

Imos facer catro xogos e con cada un delas imos explicarvos unha romaxe típica de Guitiriz.

MATERIAIS

- Pau para facer o limbo
- Corda coa chave de bascuas
- Xiz ou corda para pintar os campos do “tirasoga”
- Pano para a Pita Cega

NOTAS DA ACTIVIDADE:

- Faremos tres xogos. A Pita Cega é a alternativa a Arrincar Cebolas se chove.
- Tratar de limitar o espazo de xogo, senón poden prolongarse moito.
- Se o prado está en mal estado, facer os xogos na estrada.
- Os grupos que vaian rematando o roteiro serán mandados á capela, así que é posible ter espectadores.

A CADEA

No Buriz, moi preto de aquí, celébrase a **romaxe do Carmio** ou dos *quintos*. Os **quintos** son os homes que ían facer o servizo militar. Imos xogar a pillar en cadea para formar un exército. O que apanda ter que **ir pillando collido da man** dos que xa estean pillados. Cando haxa máis de catro na cadea pódese dividir.

E quen apanda? Para ir á mili había que ter unha altura e como aos máis altos cústalles agacharse, a proba é **pasar polo limbó**. O que non pase na segunda ronda apanda.

TIRASOGA

Díaz Castro menciona nos seus poemas a **romaxe de Bascuas**. Nesa igrexa gárdase unha chave que **cura a rabia** nos animais e nas persoas. Quentábanna e a puñan na mordedura. Non sabemos se funcionaba pero a rabia, afortunadamente, xa está erradicada.

Imos competir por esa **chave máxica** co *tirasoga*. Hai que tirar da corda ata que a chavepase detrás da liña dun dos lados. Faremos **dous grupos**, dun lado os que teñan can e doutro os que non.

ARRINCAR CEBOLAS

Outra romaxe moi famosa en Guitiriz é a da **Pastoriza**, na igrexa de San Alberte. Acude xente con **problemas de fala** a beber da fonte para sanar. Por iso no seguinte xogo hai que estar ben calados.

O xogo chámase *arrincar cebolas*. Sentádevos en fila no chan agarrados pola cintura. Agora sodes cebolas e tedes que evitar que vos arrinquen. Tedes que estar caladas, **se falades pasades a arrincar**. Se vos levantan tamén axudades ó arrincador. E quen comeza arrincando? O que nacera máis preto do **20 de agosto** que é o día no que se celebra a Pastoriza.

PITA CEGA *(alternativa ás cebolas se chove)*

Outra romaxe moi famosa en Guitiriz é a da **Pastoriza**, na igrexa de San Alberte. Acude xente con **problemas de fala** a beber da fonte para sanar. Por iso no seguinte xogo hai que estar ben calados. Esta romaxe faise a finais de agosto, así que apanda quen nacesse máis preto do **20 de agosto** e que será a *Pita Cega*.

Vendámoslle os ollos e rodeámola cun círculo moi calados. A *Pita Cega* ten que **coller a alguén e dicir quen é**. Se o identifica, cambian postos. Eu ireino mareando:

- Pita cega, que perdistes?
- Unha agulla e un dedal
- Pois dá tres voltas e as atoparás

OS XOGOS DO NENO PEPE. CONCLUSIÓN

Coñecedes **máis xogos tradicionais** á parte destes? Aquí en Gutiriz xogábase cos zancos, á petanca, ás bólas ou á mariola. Podedes preguntar na casa se coñecen os xogos que fixemos e tamén practicalos no voso centro.

E agora, xa está ben de tanto xogar que naquela época a rapazada axudaba e moito no campo. Ide á seguinte parada ou se rematastes ata o punto da despedida. Grazas!